

O día 24/11/2004, convocada pola Coordinadora Galega de Facultativos de Hospitais (CGFH), tivo lugar no Colexio de Médicos de Santiago unha **xuntanza dos sindicatos coas coordinadoras de facultativos dos hospitais galegos**, sobre o tema da **Carreira Profesional (CP)** dos facultativos.

Asistiron representantes de CIG, CSIF, OMEGA e UGT, e das Coordinadoras de Facultativos do Hospital do Meixoeiro de Vigo, Complexo Hospitalario de Pontevedra, Complexo Hospitalario de Ourense, Hospital de Monforte, Complexo Hospitalario Juan Canalejo de A Coruña, e Complexo Hospitalario Arquitecto Marcide de Ferrol.

Na xuntanza comprobouse unha importante coincidencia entre os representantes dos sindicatos e das coordinadoras de facultativos sobre a problemática da Carreira Profesional. Estas coincidencias reflectíronse nos seguintes **ACORDOS**:

- 1. Expresar públicamente a vontade de todos os presentes en traballar xuntos** na procura dunha Carreira Profesional que supoña un avance real no recoñecemento do desempeño profesional dos facultativos e na mellora da sanidade pública.
- 2. Esixirlle ao SERGAS que reinicie de contado as negociacións sobre a CP na mesa sectorial**, e se absteña de novas manobras de distracción, como a utilización do "Comité de Sabios sobre a CP" (que, seica, pretende poñer en marcha) como unha excusa para retrasar o inicio das negociacións.
- 3. Manifestar o acordo inicial de todos os presentes, sindicatos e coordinadoras, sobre os "Puntos Básicos da Carreira Profesional (CP) dos facultativos do SERGAS"**, que elaborou a Coordinadora Galega de Facultativos de Hospitais (CGFH) para seren debatidos nas próximas semanas nas coordinadoras e assembleas dos hospitais.

4. **Expresar a decisión de todos os presentes de contribuir a que o debate sobre a CP tamén avance entre os facultativos da Atención Primaria, pois a CP é un problema que afecta a todos os niveis asistenciais, non só aos hospitais.**
5. **Traballar para avanzar no debate sobre a CP tamén entre os facultativos da Atención Primaria, pois é un problema que afecta a todos os niveis asistenciais, non só aos hospitais.**
6. **Volver a xuntarse o día 15/12/2004 para:**
  - definir con maior exactitude os puntos comunes compartidos por todos e
  - concretar posíbeis mobilizacións que, no seu caso, terán lugar a partir do próximo mes de xaneiro.

Santiago, 24/11/2004